PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/02/2025 13:48:44
Nº Rexistro: 5715
Data envio: 26/02/2025 13:48:44.299

PARLAMENTO DE GALICIA

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 24 de febreiro de 2025, adoptou os seguintes acordos:

PUNTO 2.º-COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2. Administración do Parlamento

2.1. Asuntos económicos e contratación

2.1.b) Contratación administrativa da conservación dos ascensores no Parlamento de Galicia (Expte. núm. SRI-PAS-10/2024) (requirimento de documentación previa á adxudicación do contrato)

I. O 18 de novembro de 2024, a Mesa do Parlamento de Galicia acordou iniciar o procedemento e aprobar os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas desta contratación administrativa, para a conservación dos ascensores no Parlamento de Galicia (expte. SRI-PAS-10/2024), tramitación ordinaria e por un valor estimado de 55.465,55 €

II. O procedemento foi publicado na plataforma de contratos públicos de Galicia, xunto cos pregos e o resto da información e documentación legalmente exixida o 11 de decembro de 2024. O prazo para a presentación de ofertas rematou o 3 de xaneiro de 2025.

III. Rematado o prazo concedido para presentar ofertas consta a presentación das seguintes proposicións a través da plataforma de licitación electrónica:

Licitador	Nº rexistro	Data
Embarba S.A:	PG01SE2024026351	27-12-2024
ORONA, S.COOP	PG01SE2024026397	30-12-2024
Otis Mobility S.A	PG01SE2025000005	2-01-2024
Schindler, S.A.	PG01SE2025000062	3-01-2024
TK ELEVADORES ESPAÑA S L U:	PG01SE2025000037	3-01-2024

IV. Constituída a Mesa de Contratación deste procedemento administrativo reuniuse, segundo consta nas actas correspondentes, o día 14 de xaneiro de 2025, na que se procedeu

CSV: REXPG-QHbdRGz1P-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/02/2025 13:48:44
Nº Rexistro: 5715
Data envio: 26/02/2025 13:48:44.299

PARLAMENTO DE GALICIA

á súa constitución e ao estudo da documentación administrativa do arquivo único e sobre económico, e se verificou que toda a documentación estaba correcta. A Mesa de Contratación, unha vez revisada a documentación determinou a necesidade de aportar, previa apertura do sobre económico, o documento que figura no cadro de especificacións, apartado "9. Contido do arquivo electrónico (sobre único), coa letra c), para os tres seguintes licitadores:

Embarba S.A:
Otis Mobility S.A
TK ELEVADORES ESPAÑA S L U:

- 16 de xaneiro de 2025: Dende o Servizo de Persoal e Réxime Interior requírese mediante notificación as anteditas empresas, que achegue os documentos de acreditación de figurar inscritas no Rexistro de empresas reparadoras, mantedoras ou conservadoras de aparellos elevadores da Xunta de Galicia ou no Rexistro Industrial Integrado do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, nun prazo de tres días hábiles.

- **27 de xaneiro:** O técnico superior do servizo de persoal e réxime interior emite informe de análise da documentación de aclaración requirida a varios licitadores verificando que os documentos son correctos e compren co esixido nos pregos.
- **29 de xaneiro:** A Mesa de contratación analiza o informe emitido polo servizo de persoal e réxime interior, cuxo contido asume a Mesa, no que se realiza a seguinte valoración: "as ofertas do licitadores cumpren con todos os requisitos técnicos esixidos no PPT, o que informamos para os efectos oportunos".

Posteriormente se abre o arquivo C das ofertas presentadas:

EMPRESA	servizo conservación	subministración e instalación 5 comunicadores telefónicos	Total
Embarba S.A:	33.105,60	1.119,25	34.224,85
ORONA, S.COOP	31.183,88	0,00	31.183,88
Otis Mobility S.A	33.105,60	1.131,35	34.236,95
Schindler, S.A.	30.129,00	0,00	30.129,00

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos

CSV: REXPG-QHbdRGz1P-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/02/2025 13:48:44
Nº Rexistro: 5715
Data envio: 26/02/2025 13:48:44.299

PARLAMENTO DE GALICIA

TK ELEVADORES ESPAÑA S L U:	51.981,60	2.117,50	54.099,10

Compróbase que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada e se procede ao cálculo da puntuación obtida polas empresas conforme aos criterios de adxudicación establecidos no apartado 8 do prego de cláusulas administrativas:

EMPRESA	**servizo conservación**		**subministración e instalación 5 comunicadores telefónicos**		**TOTAL**	
	prezo	**puntos**	**prezo**	**puntos**	**prezo**	**puntos**
Embarba S.A:	33.105,60	72,09	1.119,25	15,63	34.224,85	**87,72**
ORONA, S.COOP	31.183,88	74,15	0,00	25,00	31.183,88	**99,15**
Otis Mobility S.A	33.105,60	72,09	1.131,35	15,60	34.236,95	**87,69**
Schindler, S.A.	30.129,00	75,00	0,00	25,00	30.129,00	**100**
TK ELEVADORES ESPAÑA S L U	51.981,60	35,50	2.117,50	7,50	54.099,10	**43**

A Mesa de Contratación acorda clasificar as ofertas e propoñerlle á Mesa do Parlamento que faga o preceptivo requirimento de documentación da cláusula décimo primeira do pregos de cláusulas administrativas e, no seu caso adxudicar o contrato, na seguinte orde:

1. Schindler, S.A.
2. ORONA, S.COOP.
3. Embarba S.A.
4. Otis Mobility S.A.
5. TK ELEVADORES ESPAÑA S L U.

A Mesa de Contratación acorda clasificar favorablemente a antedita oferta, á empresa Schindler, S.A., e propoñerlle á Mesa do Parlamento que faga o preceptivo requirimento de documentación da cláusula décimo primeira do pregos de cláusulas administrativas e, no seu caso adxudicar o contrato.

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos

CSV: REXPG-QHbdRGz1P-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/02/2025 13:48:44
Nº Rexistro: 5715
Data envio: 26/02/2025 13:48:44.299

PARLAMENTO DE GALICIA

En consecuencia a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1º) Aceptar a proposta de clasificación efectuada pola Mesa de contratación.

2º) Requirir da empresa Schindler, S.A., para que presente a documentación requirida antes de proceder á adxudicación do contrato.

3º) Comunicarlles este acordo ao Servizo de Persoal e Réxime Interior e a Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2025

Xosé Antón Sarmiento Mendez,
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2025.02.26 13:46:58 +01'00'

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

Servizo de Persoal e Réxime Interior
Intervención e Asuntos Económicos

CSV: REXPG-QHbdRGz1P-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/02/2025 13:48:44
Nº Rexistro: 5715
Data envio: 26/02/2025 13:48:44.299

Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 26/02/2025 13:46:58

CSV: REXPG-QHbdRGz1P-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 26/02/2025 13:48:44
Nº Rexistro: 5715
Data envio: 26/02/2025 13:48:44.299

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 26/02/2025 13:48:44

CSV: REXPG-QHbdRGz1P-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/